



Compostela
Cultura

de LUGARES e ÓRGANOS



músicas e outras
paisaxes de Compostela
do 31 de marzo ao 8 de abril 2023

de LUGARES e ÓRGANOS



Organiza: Concellaría de Acción Cultural do Concello de Santiago

Concepto e dirección artística: Belén Bermejo López

Asesoría musical: Andrés Díaz Pazos

Redacción: Andrés Díaz Pazos e Belén Bermejo López

Revisión lingüística: Elvira Ribeiro Tobío

Coordinación, imaxe e comunicación: Sirgo Torcendo

Maquetación: Cátia Leite

Producción técnica: Goyplasón S.L.

Asistencia á produción: Miraxe S. Coop. Galega

Imprime: Gráficas Garabal S.L.

Os sons de De Lugares e Órganos volverán, un ano máis, converter Santiago nun gran escenario harmónico nesta oitava edición do ciclo, cuxas melodías nos achegan ao tempo da primavera. Será do venres 21 de marzo ao xoves 6 de abril cando as notas e compases organísticos retomen o protagonismo e escriban novas paisaxes sonoras no universo compostelán.

Paisaxes de intra muros serán estes Sons no silencio, que nos levan ata as músicas nos conventos femininos e nos fan reflexionar sobre a importancia do papel da muller na nosa historia e na nosa música, tan esquecido e que cómpre recuperar. Paisaxes onde se mostran “notas roubadas”, adaptacións de partituras ou temas reelaborados, que ao longo dos séculos foron compondo un calidoscopio de melodías que perdurou ata hoxe. Paisaxes de músicas litúrxicas, de posta en valor das calidades e posibilidades sonoras dos nosos órganos históricos. Paisaxes de cinema en branco e negro acompañado de música en vivo. Paisaxes recuperadas da memoria e creadas a través da pegada do gran músico Mariano Tafall. E paisaxes frescas das *matíns*. Todas xuntas vanse engarzando ata debuxar o pentagrama e as notas desta oitava edición do ciclo De Lugares e Órganos.

E, cando sopra o vento, todas esas notas recobran vida en lugares tan emblemáticos como a igrexa de San Paio de Antealtares, o Pazo de San Lourenzo, a igrexa de Santa Clara, a da Universidade, a sala Númax, ou o convento de Belvís.

Un ano máis quero convidaros a participar deste gran evento musical que é De Lugares e Órganos, a desfrutar e descubrir as historias, emocións e sentimentos da paisaxe sonora de Compostela.

Xosé Sánchez Bugallo
Alcalde de Santiago de Compostela




Achegámonos con emoción ás portas doutra edición, a oitava, deste encontro para recibir a Pascua e a chegada do ciclo da primavera. De Lugares e Órganos, grazas ao esforzo conxunto de todas as persoas e institucións que nel colaboran, tivo a fortuna de sobrevivir con éxito a estes duros anos de pandemia. Artistas, equipos de produción, administracións, fixeron posible manter esta continuidade na programación, traballando estreitamente, reinventándose e buscando saída aos múltiples contratempos que o día a día ía xerando. Mais non podemos esquecer uns públicos que fixeron todo o posible, con absoluta exemplaridade, para levar a bo porto cada unha das citas nestes dous últimos anos, extremando os coidados, pero co entusiasmo que provocaba o privilexio de saberse nun deses poucos lugares nos que aínda era posible seguir gozando da música en vivo. De volta definitivamente á normalidade, saudamos unha programación que, novamente, procura poñer a música para órgano e as paisaxes desta Compostela nosa no centro das cousas, renovando o noso compromiso cos públicos para continuar a traballar por un modelo de cultura e de programación na que cremos e á que seguimos fieis.

Concertos, itinerarios pola memoria organístico-musical da cidade, música e cinema, *matiné*s para achegarse aos aspectos máis íntimos dos órganos, encherán os días da Semana Santa cun programa no que colaboran formacións e artistas como Capella Sancta Maria, Marco Ambrosini, Tobie Miller, Eva-Maria Rusche, Alejandra Escolante, Marta López ou o Quinteto InVento. A espiritualidade dos programas que serán interpretados en San Paio e Santa Clara combinarase coa frescura das músicas e o formato da *matiné*, ou coas suxestivas combinacións tímbricas do órgano e o quinteto de metais, na busca sempre de innovadoras músicas que atraían novos públicos para este versátil instrumento do que tantas excelentes mostras temos en Compostela.

Benvidas todas as xentes curiosas e amigas dos órganos e dos lugares desta cidade!

Belén Bermejo López
Directora artística do ciclo De Lugares e Órganos



> CONCERTO INAUGURAL

**SONS NO SILENCIO. MÚSICAS NOS
CONVENTOS FEMININOS**

Páx. 10

Venres 31 de marzo, 20.30 h, igrexa de San Paio de Antealtares

> CONCERTO

NOTE RUBATE. “RAZZIAS” MUSICAIS NO BARROCO

Páx. 12

Domingo 2 de abril, 20.00 h, igrexa do Pazo de San Lourenzo.
(ás 19.15 h, preparación para a escoita, conversa con Marco Ambrosini,
Tobie Miller e Eva-Maria Rusche)

> CONCERTO

**PANGE LINGUA. MÚSICA LITÚRXICA E
SONATAS DA CHIESA**

Páx. 14

Luns 3 de abril, 20.00 h, igrexa de Santa Clara

> O ÓRGANO SAE Á RÚA

**PROXECCIÓN NA SALA NUMAX: CINEMA MUDO
E MÚSICA AO VIVO (SHOES, DE LOIS WEBER)**

Páx. 18

Martes 4 de abril, 19.30 h

> OUTRAS PAISAXES, OUTROS TONS DA CIDADE

**MEMORIA SILENTE: A PEGADA DE MARIANO
TAFALL, ORGANEIRO COMPOSTELÁN**

Páx. 20

Mércores 5 de abril, 10.30 h, capela da Virxe do Portal, convento de Belvís

> MATINÉS 20'

MARTA LÓPEZ FERNÁNDEZ

Páx. 21

Xoves 6 de abril, 12.30 h, Igrexa da Universidade

> CONCERTO DE CLAUSURA

**CANDO SOPRA O VENTO. MÚSICAS PARA
ÓRGANO E QUINTETO DE VENTO**

Páx. 16

Sábado 8 de abril, 20.00 h, Igrexa da Universidade

> ESPAZOS

IGREXA DE SAN PAIO DE ANTEALTARES

Páx. 22

IGREXA DO PAZO DE SAN LOURENZO

Páx. 24

IGREXA DE SANTA CLARA

Páx. 26

IGREXA DA UNIVERSIDADE

Páx. 28



Retirada de entradas:

As entradas para actividades e concertos son de balde, mais cómpre retirar invitación no despacho de billetes da Zona C. Punto de Información Cultural, aberto de martes a sábado, de 11 a 14 e de 16 a 19 h. Teléfono 981 542 462.

De non se esgotaren, tamén se poderán recoller o propio día da actividade no lugar onde esta se celebre desde unha hora antes do seu comezo. As invitacións serán válidas ata 10 minutos antes do inicio da actividade. A partir dese momento, a organización resérvase o dereito a empregar as localidades non ocupadas.

A apertura de portas terá lugar aproximadamente media hora antes da hora de comezo dos concertos e actividades.

Pregamos contraste a información actualizada na páxina web compostelacultura.gal.





© Luciana Cueto



© Yoshimura Ramón

CAPELLA SANCTA MARIA

MÚSICA

Igrexa de San Paio de Antealtares

Venres 31 de marzo, 20.30 h

SONS NO SILENCIO. MÚSICAS NOS CONVENTOS FEMININOS

O papel da muller na historia da arte en xeral, e da música en particular, continúa a ser aínda hoxe un campo pouco investigado, mais foron ámbitos nos que desenvolveu un importante labor. Existe un extenso repertorio creado especificamente ou adaptado para ser executado por mulleres no contexto da vida conventual. Capella Sancta Maria, un conxunto vocal dirixido polo coruñés Enrique López-Cortón, con base en Ámsterdam, composto por un cadro internacional de consagradas cantantes, explora, a través deste programa, a actividade musical que se desenvolvía intra muros, nestes cenobios, a miúdo de clausura, onde a música era practicamente a única forma de expresión artística.

O repertorio está integrado, entre outras, por músicas procedentes de diferentes conventos femininos da Península (entre eles, San Blas de

Lerma ou San Paio de Antealtares) compostas durante os séculos XVI e XVII, así como obras creadas ou adaptadas para o canto das relixiosas por autores como Morales ou Guerrero.

Bea Lanfont, voz e guitarra barroca
Lorena García, voz
Elena Roce, voz
Florencia Menconi, voz
Helder Rodrigues, sacabuxa
Paulo Cordeiro, sacabuxa

Enrique López-Cortón, órgano e dirección



© Manfred Kiesant



© Franzis von Sechow



© Randall Cook

LA TASTEGGIATA

MÚSICA

Igrexa do Pazo de San Lourenzo

Domingo 2 de abril, 20.00 h
(Ás 19.15 h preparación para a escoita,
conversa con Marco Ambrosini, Tobie Miller
e Eva-Maria Rusche)

NOTE RUBATE. “RAZZIAS” MUSICAIS NO BARROCO

O plaxio, a apropiación de ideas alleas, non é algo novo nas artes. Especialmente no Barroco, unha parte esencial da formación dun músico consistía en aprender a adaptar as obras dos seus mestres. Tamén os temas propios eran “reciclados” polos músicos a fin de empregalos con diferentes motivos. Ademais, era común na altura a publicación de obras alleas baixo o nome propio doutro artista, de maneira que hoxe dispoñemos de abondoso material para emprender interesantes “especulacións musicolóxicas”, sobre estas “notas roubadas”.

Tobie Miller, Eva-Maria Rusche e Marco Ambrosini, tres solistas cunha ampla carreira ás súas costas e gran recoñecemento a nivel internacional, xúntanse neste programa para ofrecer un virtuosístico recital con diferentes instrumentos

de tecla, algúns deles cunha longa historia que se remonta á Idade Media e que perdurarían activos ao longo do tempo, penetrando tamén con forza na música tradicional.

O concerto terá lugar nun espazo da cidade no que se conserva un valioso órgano histórico do século XVIII, aínda sen restaurar. Este será precedido dunha distendida conversa coas artistas na que teremos ocasión de falar sobre o programa, os seus protagonistas, anécdotas e outras referencias, así como sobre os interesantes instrumentos que nel serán empregados.

Tobie Miller, zanfona
Marco Ambrosini, nyckelharpa
Eva-Maria Rusche, espineta e órgano portátil



© Volker Dautzenberg

EVA-MARIA RUSCHE

MÚSICA

Igrexa de Santa Clara

Luns 3 de abril, 20.00 h

PANGE LINGUA. MÚSICA LITÚRXICA E SONATAS *DA CHIESA*

OBRAS DE CORELLI, BIBER, CABEZÓN E FRESCOBALDI, ENTRE OUTRAS

Eva-Maria Rusche é unha das figuras actuais de maior interese no ámbito da música para órgano e para instrumentos de tecla en xeral. Nada en Tübinga, Alemaña, especializouse en música litúrxica, órgano e instrumentos históricos de tecla en Lübeck, Viena e Stuttgart. Na actualidade, desenvolve o seu traballo como artista independente ao tempo que colabora como pedagoga e organista en Constanza. Como solista ofrece concertos de clave e órgano, e colabora habitualmente con formacións como o Ensemble Supersonus, Oni Wytars ou o Quatuor Ardeo. Eva-Maria preséntase, desta volta, na compañía de dous recoñecidos intérpretes que se moven

entre o ámbito da música antiga e as outras músicas, Marco Ambrosini e Tobie Miller, cos que interpretará un programa de músicas compostas para a liturxia e sonatas *da chiesa* adaptadas para unha inusual combinación de órgano de tubos, órgano portátil, zanfona e nyckelharpa.

Eva-Maria Rusche, órgano e
órgano portátil

Tobie Miller, zanfona

Marco Ambrosini, nyckelharpa



ALEJANDRA ESCOLANTE E QUINTETO INVENTO

MÚSICA

Igrexa da Universidade

Sábado 8 de abril, 20.00 h

CANDO SOPRA O VENTO.

MÚSICA PARA ÓRGANO E QUINTETO DE VENTO

OBRAS DE CABEZÓN, ARAUXO, OLAGÜE, BACH, HAENDEL, MILHAUD E TOMÁS LUIS DE VICTORIA, ENTRE OUTRAS

De Lugares e Órganos continúa fiel aos seus obxectivos de fomento do potencial creativo das organistas e formacións que traballan no noso país, así como de valorización das calidades e posibilidades sonoras dos nosos órganos históricos. Deste xeito, a programación aposta novamente por aquelas propostas que traspasan épocas e estilos, na busca de sutís combinacións e arranxos instrumentais de músicas atemporais. Nesta ocasión, Alejandra Escolante, unha das máis prezadas organistas do panorama musical galego, canda os membros do Quinteto InVento, un grupo de música de cámara integrado por talentosos e talentosas intérpretes profesionais, interpretarán un variado programa de pezas no que se contrastan e alternan as múltiples sonoridades do órgano de tubos co son brillante do quinteto de vento.

Adaptar ou reinterpretar obras diversas, vocais ou orquestrais, a un conxunto de instrumentos de vento, é unha práctica que nos conecta con épocas pasadas e con instrumentos como as cornetas, sacabuxas, frautas ou baixóns dos

menestreis renacentistas, e tamén cos óboes, clarinetes, trompas e fagots das *Harmonienmusik* do século XVIII. Os primeiros adaptaban pezas vocais polifónicas, sacras ou profanas. As segundas fixeron algo equivalente co repertorio máis en voga na altura, como as máis famosas arias de ópera. Continuadoras desta tradición centenaria, as músicas do quinteto InVento, canda o órgano, farán vibrar o aire da Igrexa da Universidade con obras contrapuntísticas que abranguen desde o Renacemento até o século XX, versións en espello con arranxos de pezas vocais e instrumentais para quinteto de vento e órgano, e mesmo versións conxuntas para instrumentos antigos e modernos.

Adrián Castedo Alonso, clarinete

Sara Fernández Precado, óboe

Oscar Galán Adegá, fagot

Patricia González Moreira, frauta

Alma Sarasola Pontón, trompa

Alejandra Escolante Mujico, órgano

O ÓRGANO SAE Á RÚA

MÁIS QUE MÚSICA

PROXECCIÓN NA NUMAX DE *SHOES* (LOIS WEBER, 1916).
CINEMA MUDO E MÚSICA AO VIVO

Data e hora: Martes 4 de abril, 19.30 h

Lugar: Sala NUMAX, Concepción Arenal 9

Prezo: 4 € (venda anticipada no despacho de billetes do cine ou na web numax.org)

Shoes (1916) é un drama de cinema mudo dirixido por Lois Weber, unha das directoras máis salientables da historia do cinema. Traballou para a Universal, estudos nos que gozaba de gran respecto, e dirixiu máis de sesenta longametraxes, nas que destaca a súa valentía á hora de abordar asuntos como a pena de morte, o aborto, a prostitución ou a emancipación da muller, temas tabú na súa época. *Shoes* está protagonizado por Mary MacLaren, que encarna a Eva Mayer, unha muller nova que traballa nun establecemento comercial para sustentar a súa familia e que accede a ter relacións sexuais cun home para poder mercar uns zapatos.

Como acontecía nos “vellos tempos”, o filme estará acompañado de música ao vivo, nun xogo de improvisación produto do traballo conxunto de dous músicos: Álex Salgueiro, órgano Hammond, e Rafa Fernández, guitarra eléctrica. Rememoraremos á vez o papel que o órgano xogou tamén nas primeiras etapas da sétima arte a través do chamado órgano de cinema, un poderoso instrumento do que dispuñan só algunhas salas, e que permitía xerar melodías e, ao tempo, diferentes efectos sonoros, e no que o instrumentista adoitaba estar situado diante do patio de butacas, mirando a pantalla, nunha consola colorista e con iluminación moi fantástica.



MEMORIA SILENTE: A PEGADA DE MARIANO TAFALL. ITINERARIO POLOS LUGARES DE MEMORIA ARREDOR DA FIGURA DO CONSTRUTOR DE ÓRGANOS COMPOSTELÁN

OUTRAS PAISAXES, OUTROS TONS DA CIDADE

Cando Mariano Tafall y Miguel chega a Santiago de Compostela, no ano 1854, era xa un competente músico multinstrumentista da catedral de Burgos que, ademais, tiña emprendido algunhas pequenas obras de organaría. Porén, entra na catedral compostelá en calidade de “mestre organeiro”, sen que saibamos ben as circunstancias precisas que levan o cabido a outorgarlle este posto de tanta responsabilidade. O que si sabemos é que, cando morre, en 1874, era un músico plenamente integrado na vida musical da cidade, un artesán de alto prestixio e, sobre todo, o autor dun libro que pronto lle habería de dar sona a nivel mundial: *Arte Completo del Constructor de Órganos*. É esta unha obra que está “entre os máis completos e prácticos tratados sobre construción de órganos históricos”, cuxa importancia “difícilmente pode ser subestimada para os investigadores, restauradores e organistas de hoxe en día”, como é referida en *The Organ: An Encyclopedia*.

Este itinerario levaranos por diferentes fitos relacionados coa biografía, a actividade profesional e a obra deste organeiro. Para iso, contamos coa colaboración dun dos grandes expertos no tema, o músico, profesor e investigador Miguel A. López Fariña, así como coa organista Alejandra Escolante, que fará soar un dos poucos órganos que se conservan do construtor, o órgano da capela da Virxe do Portal, do convento de Belvís.

Data e hora: Mércores 5 de abril, 10.30 h
Lugar de encontro: Diante da capela da Virxe do Portal do convento de Belvís
Número de prazas: 50 (é preciso retirar invitación)

MATINÉS 20'

OUTRAS PAISAXES, OUTROS TONS DA CIDADE

Este ameno e fresco formato musical achegaranos, na mañá do xoves, ao órgano da Igrexa da Universidade da man da compostelá Marta López, profesora de clave do Conservatorio Profesional de Música de Pontevedra, que interpretará un repertorio de 20 minutos de música da súa escolla, aproximándonos, ao tempo, ao seu oficio e práctica como organista.

Marta é unha especialista en instrumentos de tecla históricos nada en Santiago de Compostela. Comeza os seus estudos de órgano na súa cidade natal da man de Bruno Forst e como alumna dos cursos de Música en Compostela. Desenvolve a súa carreira profesional entre España e o Reino Unido, tras estudar clave e órgano con James Johnstone e Carole Cerasi. A súa actividade concertística lévaa a actuar no Reino Unido, España, Francia, Suíza, Italia e Noruega. En Londres é convidada como artista residente na casa museo Handel & Hendrix e o seu interese polos instrumentos de tecla históricos lévaa a realizar concertos nos que percorre importantes coleccións como as de Fenton House, Hatchlands Park e Horniman Museum. Colabora, ademais, como continuísta con diversas orquestras como a Orchestra of the Age of Enlightenment, a Real Filharmonía de Galicia, a Orquestra Barroca

Vigo 430, o Norwegian Wind Ensemble e o Ebora-racum Ensemble, entre outras. Traballou con directores como Philippe Herreweghe, John Butt, Paul Daniel, Enrico Onofri, Maximino Zumalave, Steven Devine, Robert Howarth e Eamonn Dougan. É convidada ademais ás academias da Orchestra of the Age of Enlightenment, Academy of Ancient Music e a Britten Pears Baroque Orchestra.

Data e hora: Xoves 6 de abril, 12.30 h
Lugar: Igrexa da Universidade
Órgano: Marta López

EXPOSICIÓN FOTOGRÁFICA ARREDOR DOS ÓRGANOS DE COMPOSTELA

Durante todo o período de programación, en escaparates de diferentes establecementos comerciais da cidade.
(En colaboración coa Asociación Proxecto Em-Rede, Rede de iniciativas empresariais)

IGREXA DE SAN PAIO DE ANTEALTARES

Coa reorganización das ordes monacais en Galicia, a comezos do século XVI, as monxas beneditinas pasarán a ocupar o mosteiro de Antealtares e, moi axiña, construírán un órgano, en 1537, feito por Pedro Vélez, un organeiro activo daquela en Galicia, en particular en Santiago. Xa no século XVII, no ano 1625, o daquela organeiro da Catedral, Gaspar de Alaraz y Estrada, traballará tamén para o mosteiro, non sabemos se facendo unha profunda remodelación do instrumento xa existente ou un novo. Este órgano debeu durar ata fins do século XVIII, que é cando o organeiro compostelán Alberto de la Peña constrúe o magnífico instrumento que hoxe podemos ver e escoitar. En efecto, entre 1782 e 1784 construíu De la Peña este órgano, un dos máis importantes que se conservan en Galicia no seu estado orixinal. Tivo unha primeira restauración, en 1974, a cargo do obradoiro de organaría de Gerhard Grenzing, que daquela escribiu que se trataba dunha "peza mestra e unha representación exemplar da arte dos organeiros españois".

O instrumento ten dous teclados de 51 teclas, partidos e con oitava tendida. O primeiro teclado controla o chamado órgano maior,

aquel composto polos canos da fachada e outros máis dentro da caixa, pero na súa parte frontal. Pola contra, o segundo teclado controla a chamada "cadeireta interior", que é como un pequeno órgano independente, con todos os canos dentro da caixa situados cara á parte de atrás. O son deste segundo teclado é máis feble e afastado que o do primeiro, o que permite ao instrumentista introducir cambios de intensidade na súa interpretación, e tamén mudar os timbres, pois cada teclado dispón de diferentes rexistros. O número total de rexistros é, no órgano maior, de 13 na man esquerda e 15 na dereita e, na cadeireta, de 7 na man esquerda e 8 na dereita. Ten, ademais, 10 contras ou canos de sonoridade grave, que se poden accionar cos pés.

Para Compostela en particular, e para Galicia en xeral, este instrumento representa un dos cumes da arte da organaría no momento de máximo esplendor do chamado órgano barroco ibérico. É, por tanto, unha das pezas máis importantes, en termos absolutos, do noso patrimonio histórico, construída ademais por un organeiro formado en Compostela, daquela un dos principais focos da organaría peninsular.



IGREXA DO ANTIGO CONVENTO DE SAN LOURENZO DE TRASOUTO

A orixe do convento de San Lourenzo de Trasouto, agora parte do Pazo de San Lourenzo, remóntase a unha fundación feita no ano 1216 polo bispo de Zamora, don Martín Arias, que era natural de Compostela. Este bispo mercara varias propiedades no lugar de Bogallido, que pertencía á parroquia de Santa Susana, co obxecto de edificar unha igrexa dedicada a este santo e unha casa na que retirarse a pasar os últimos anos da súa vida. En 1222, pouco antes de morrer Martín Arias, o arcebispo compostelán Pedro Muñiz consagraría a igrexa. Morto o fundador, estableceríase alí unha pequena congregación baixo a forma de colexiata e os seus membros intitularíanse como cóengos. No século XIV pasará a depender da orde franciscana que, cara a 1392, e grazas a varias concesións do conde de Altamira, ampliará o edificio. Unha das anécdotas máis coñecidas de San Lourenzo é o retiro que nel fixo Carlos I durante a Semana Santa de 1520, cando se estaban a celebrar Cortes na cidade, no convento de San Francisco.

Do edificio románico consérvanse os tres primeiros tramos da igrexa, con columnas románicas, e a portada. As reformas do século XVIII afectaron ao claustro e outras depen-

dencias, así como ao cuarto tramo da nave, á cabeceira e ao cruceiro da igrexa. De fins do século XVIII debe datar tamén o órgano do coro, de estilo barroco ibérico, nun máis que aceptable estado de conservación, xa que non sufriu apenas intervencións. É moi probable que fose construído polo organeiro compostelán frei Felipe de la Peña, membro da orde franciscana. Segundo conta Filgueira Valverde, neste órgano tocaba os domingos, nos seus tempos de estudante, Casto Sampedro, que era retribuído por un franciscano exclaustro. Este interesantísimo instrumento é un dos poucos do salientable panorama organístico da cidade que aínda espera a súa restauración.

O convento foi pechado en 1821 e definitivamente abandonado tras a exclaustración de 1835. Nese intre pasou a ser propiedade dos condes de Altamira, que o usaban como residencia de verán. Na actualidade é propiedade dun descendente destes condes, o duque de Medina das Torres. En 1882 instalouse o altar renacentista de mármore, que foi trasladado desde o convento de San Francisco de Sevilla como parte do mausoleo dos marqueses de Ayamonte.



IGREXA DE SANTA CLARA

Como no caso dos seus irmáns franciscanos, tamén as clarisas consideraban o órgano unha peza fundamental dentro do mobiliario litúrxico das súas igrexas, como parte consubstancial e insubstituíble dos oficios. E o convento de Santa Clara de Compostela, dende logo, non foi unha excepción á regra. Sabemos que no ano 1565 o organeiro de orixe viguesa, Pedro Martínez de Montenegro, fixo un órgano para o mosteiro *"que ha de tener cinco registros (...) y haber muchas y buenas mudanzas con sus rruyseñores segun y de la manera que estan fechos los horganos de la iglesia de santa maria la nueba"*. Un órgano de concepción renacentista que, con moita probabilidade, substituíu un anterior. De xeito colateral, deducimos tamén que a mediados do século XVI había en Santiago un órgano na desaparecida igrexa de Santa María a Nova. O órgano de Montenegro será substituído por outro debido a un organeiro, de probable orixe portuguesa, pero que se asenta e traballa en Santiago: Baltasar Machado. En 1668 fará un novo órgano para as clarisas que terá unha vida moi efémera, pois coa reedificación da igrexa, o organeiro da Catedral de Santiago, Manuel de la Viña, comezará a construír en 1709 o instrumento que hoxe podemos admirar:

Da importancia que lle daban as monxas clarisas ao uso do órgano nas súas celebracións

litúrxicas dá boa proba o feito de que, mentres se constrúe a nova igrexa, a fins do século XVII, e xa que daquela se debeu retirar o órgano de Baltasar Machado, Juan Galindo, arpista da Catedral e tamén organeiro, emprestaralle un pequeno órgano realexo ao mosteiro.

Polo demais, o interesante instrumento que agora acolle o mosteiro ten gran parte da tubaxe orixinal de De la Viña, a pesar das intervencións sufridas en 1750 e 1865, esta última a cargo do organeiro compostelán Ramón Cardama, autor do órgano da capela das Ánimas. Dáse o caso curioso de que Cardama foi o pai dunha das organistas do convento sobre a que temos noticia: sor M^a de la Asunción Cardama, que profesou no ano 1885 e é recordada como unha hábil organista e pianista. Tamén tivo o órgano unha intervención entre 1930 e 1932, polo franciscano frei Manuel Fernández, que alterou severamente a súa disposición orixinal. Porén, a recente restauración feita no órgano, no ano 2004, pola casa inglesa Goetze&Gwynn devolveuno, felizmente, ao seu estado orixinal, conservando aquelas adicións posteriores que respectaron a súa esencia de órgano barroco ibérico. Así, o órgano de Santa Clara é un dos máis antigos de Galicia, plenamente operativo, que podemos escoitar hoxe en día.



IGREXA DA UNIVERSIDADE

A presenza do órgano na Igrexa da Universidade hai que trazala a partir da translación dos racioneiros da confraría do Sancti Spiritus ao templo, a consecuencia da expulsión dos xesuítas en 1767. Esta expulsión motivou a distribución dos seus bens móbiles e inmobles entre diferentes institucións da cidade e que a igrexa pasase a ser atendida polos anteditos racioneiros. Estes racioneiros tiñan un papel destacado en diversas liturxias catedralicias, entre as que podemos citar o canto da *Salve á tarde*, “diante da imaxe da Virxe preñada”, é dicir, a Virxe do O, daquela situada no antigo trascoro. Por este motivo, unha das calidades que tiñan que reunir era a de posuíren unha boa voz para participar co canto nestas liturxias que, de xeito ordinario, eran acompañadas polo órgano. Coa ocupación da igrexa polos racioneiros, hai constancia documental do uso dun “realexo” (un pequeno órgano portátil de 3 ou 4 rexistros) no templo, o cal indica que os xesuítas non a dotaran dun instrumento. Ao mesmo tempo, contábase co servizo dun organista estable.

Con posterioridade, sobre o ano 1800, decídese construír un órgano de maior porte. O artífice elixido será o organeiro de orixe madrileña Manuel Sanz, que se formara como oficial no obradoiro do extraordinario organeiro real, Pedro Liborna Echevarría, que xa traballara en Galicia entre 1773 e 1778 na ampliación dos órganos da Catedral e, desde este último ano ata 1780, na construción dos órganos de Iria Flavia e da igrexa

de Santiago de Padrón. A obra durou de novembro de 1800 ata abril de 1802 e tivo un custo total de 49.572 reais e 2 maravedís. Era esta unha suma elevada que viña supor, aproximadamente, o total das importantes rendas anuais que tiñan os racioneiros do Sancti Spiritus e, desde logo, moito máis do que dedicaban ás obras e mantemento da igrexa e aos seus empregados. Como detalles anecdóticos, diremos que o estaño da aliaxe dos tubos constituía un 10% aproximadamente do custo total da obra (4.250 reais), da mesma orde que o custo da caixa (4.730 reais, incluída a madeira), debida ao artesan local Agustín Trasmonte. O tamén artista local, Manuel do Porto, pintará a caixa por un total de 2.000 reais.

O órgano, cara ao ano 1850, atopábase xa algo deteriorado, como se pode constatar por un informe do organeiro da Catedral, Pedro Méndez de Merdies, no que destaca a calidade do instrumento e cifra o seu arranxo e posta a punto en 1.000 reais. Coa desamortización e o paso da igrexa á Universidade é probable que, tanto o seu uso como os coidados necesarios para manter un instrumento destas características, decaesen. De feito, a fins do século pasado o órgano estaba inutilizado. A feliz intervención, en 1998, do obradoiro de organería de Gerhard Grenzing, baixo o soporte económico da Fundación Pedro Barrié de la Maza, con motivo do V Centenario da USC, permitiu recuperar esta alfaia da organaría histórica galega.





de LUGARES e ÓRGANOS



Agradecementos

- _Comunidade de beneditinas de San Paio de Antealtares
- _Comunidade de clarisas do convento de Santa Clara
- _Comunidade de dominicas de Belvís
- _Consello Local da Orde Franciscana Secular
- _Miguel Ángel López Fariña
- _Cristina Alís, Marta López, Annelie Gahl, Michael Schöch (fotos dos órganos e recursos interiores)
- _Herbert Kuen (© órgano demostración da capa e recursos interiores)
- _José Luis, Pazo de San Lourenzo
- _Todas aquelas persoas e establecementos de Compostela que, coa súa colaboración, fixeron posible este proxecto





CONCELLO DE
SANTIAGO



UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

NUMAX



EM-REDE

Rede de Iniciativas Empresariais
de Santiago e Comarca



MUSEO das
PEREGRINACIÓNS
11º SANTIAGO

Órganos de Galicia

CATALUNYACIÓ E EDICIÓ
DO PATRIMONIO ORGÁNICO DE GALICIA



PAZO DE SAN LORENZO

SANTIAGO DE COMPOSTELA